



Galicia

## PÉCHANSE EN GALICIA OS ACTOS DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS Á SECRETARÍA XERAL DE UGT CONFEDERAL

**Redacción.-** Continuando coa rolda de presentación de candidaturas á Secretaría xeral de UGT confederal, hoxe está a ser o secretario xeral de UGT-Canarias, Gustavo Santana, o que está a participar nun acto organizado en Santiago para presentarles aos cadros e responsables do Sindicato en Galicia o seu proxecto de xestión de cara aos vindeiros anos, no caso de que, finalmente, se puxese ao fronte de UGT.

Péchase así a rolda de presentación de candidaturas, lembrar que xa estiveron en Santiago Pepe Álvarez e Miguel Ángel Cilleros.

Á marxe dos candidatos, os cambios de UGT xa están en marcha. A Organización xa está inmersa nun proceso de cambios que vai concluír coa celebración do Congreso confederal e os das estruturas territoriais e das federacións.

Vai ser un cambio de calado, a Organización vaise configurar en tres federacións e, á súa vez, estas federacións vanse sectorializar e van envorcarse co traballo de base.



O outro punto importante ten que ver coa transparencia. O Sindicato leva ao Congreso unha proposta pola cal, de aprobarse, o código ético vai estar controlado e administrado por unha comisión de seguimento da que formarán parte tres persoas alleas á Organización.

Estamos ante a restructuración do Sindicato, cun compromiso firme coa renovación,

da base cara arriba. Trátase de facer unha Organización máis áxil e que atenda mellor as necesidades dos afiliados e dos traballadores en xeral.

E, neste contexto de cambio de modelo, hai que darlle valor a que haxa persoas que estén dispostas a dar un paso ao fronte para asumir esta gran responsabilidade e o reto que isto supón.

## RECOLLIDA DE FIRMAS PARA UNHA ILP CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

**Redacción.-** A vindeira semana, entre os días 15 e 21, UGT organiza nas principais cidades e vilas galegas unha rolda de recollida de firmas para unha ILP contra a pobreza e a exclusión social. Para elo, o Sindicato habilitará diversas mesas informativas e de recollida de firmas coas que se pretende que a cidadanía coñeza a iniciativa e lle amose o seu respaldo.

Ademais, de xeito permanente, todas as sedes de UGT en Galicia e as seccións sindicais de UGT nas empresas están habilitadas para a recollida de firmas e darlle información aos cidadáns sobre esta medida.

Medida coa que se pretende crear unha nova prestación que amplíe a acción protectora da

Seguridade Social. A prestación está destinada a garantir uns ingresos que aseguren unhas condicións básicas para atender as necesidades máis esenciais das persoas que, con dispoñibilidade para traballar, carecen de emprego e duns recursos económicos

mínimos para si e, no seu caso, para os familiares ao seu cargo.

Dende UGT-Galicia faise un chamamento á participación da cidadanía nesta iniciativa porque rescatar ás persoas e combater as desigualdades é de lei.

LOCALIDADE	DATAS
A CORUÑA	16 e 18 de febreiro
SANTIAGO	18 de febreiro (Praza do Obradoiro E CHUS)
RIBEIRA	18 de febreiro (Concello)
LALÍN	18 de febreiro (Feira de Lalín)
FERROL	17 y 19 de febreiro
LUGO	19 de febreiro
MONFORTE	15 e 16 de febreiro
OURENSE	20 de febreiro
PONTEVEDRA	Pendente de confirmar
VIGO	18 e 19 de febreiro



# CONCENTRACIÓNS E MANIFESTACIÓNS SUCEDÉRONSE NAS CIDADES E VILAS GALEGAS BAIXO O LEMA “FOLGA NON É DELITO. DERROGACIÓN DO ART.315.3 DO CÓDIGO PENAL”

**Redacción.-** Centos de persoas, convocadas por UGT e CCOO, mobilizáronse este luns en A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Viveiro, Ourense e Pontevedra para reivindicar que a “Folga non é delito. Derrogação do art.315.3 do Código Penal”. En Vigo tamén tivo lugar unha concentración o xoves diante do Marco. Acto que se fixo coincidir coa concentración que se convocou en apoio a Carlos e Serafín, como xa se ven facendo de xeito periódico.

Ambos sindicatos consideran que hai razóns máis que suficientes para a mobilización, o dañino artigo 315.3 do Código Penal, polo que se criminaliza a participación dos traballadores nas folgas, ou a Lei de seguridade cidadá, que introduce máis recortes nos dereitos fundamentais.

A folga é un dereito fundamental recoñecido en case todos os países do mundo pero en España estase restrinxindo o seu exercicio para, ao tempo, silenciar á cidadanía. Preténdese converter o conflito social nun problema de orde pública, camiñando cara un Estado de carácter policial.

Xa se criminalizaron as actuacións de trescentos sindicalistas en defensa dos dereitos dos traballadores. En Galicia, Carlos e Serafín, con penas de prisión de tres anos, aínda están á espera de que se lles de resposta ás peticións de indulto. Mentres tanto, continúan as mobilizacións na súa defensa. Tamén están os cinco traballadores de Arcelor, en Asturias, ou os oito traballadores de Airbus, en Madrid, para os que a Fiscalía pide en total 66 anos de cárcere.

O marcado carácter ideolóxico destas reformas persegue un único obxectivo, acemar as liberdades democráticas para acalar a protesta social e o exercicio desas liberdades fronte ás políticas de recortes, restritivas e antisociais.

Debido a este retroceso inaceptable das liberdades públicas e das vías de participación democrática, CCOO e UGT, continuando coa campaña iniciada xa hai un ano, convocaron as mobilizacións celebradas esta semana en toda Galicia.



Concentración A Coruña



Concentración Santiago



Concentración de Ourense



Concentración de Lugo



Concentración de Vigo



Manifestación Pontevedra



Concentración Ferrol



# OS PROCESADOS POR EXERCER O DEREITO DE FOLGA SON O SÍMBOLO DA NECESIDADE DA REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA E SOCIAL DO NOSO PAÍS

**Redacción.-** Na mesma liña que as mobilizacións convocadas en Galicia o luns, a nivel confederal tivo lugar unha manifestación, o martes pola mañá, na que participou o secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, en defensa do dereito de folga con motivo do inicio do xuízo aos 8 de Airbus.

Antes do inicio da marcha, que percorreu o camiño desde as portas da factoría de Airbus ata os xulgados de Getafe, Méndez sinalou “cando defendemos a inocencia dos 8 de Airbus estamos nunha causa común, a favor da liberdade e da democracia”.

“Estamos ante unha pedra de toque en relación coa saúde das liberdades públicas e a democracia en España. Estamos todos concernidos por esta situación e por tanto os 8 de Airbus e os preto de 300 sindicalistas procesados convertéronse nunha



referencia, nun símbolo da necesidade da rexeneración democrática e social do noso país”, sinalou.

“Non se pode cometer unha inxustiza que pode carrexar consecuencias moi graves para as persoas acusadas”,

explicou, “e supón un prexuízo moi grave e un retroceso moi serio das liberdades públicas deste país porque o exercicio do dereito de folga, que é un dereito fundamental, é o exercicio tamén da defensa das liberdades das traballadoras e traballadores deste país”.

## HAI QUE DERROGAR AS REFORMAS LABORAIS DE 2012 E 2010 E ABRIR UNHA VÍA DE DIÁLOGO SOCIAL

**Redacción.-** O secretario de Acción Sindical de UGT, Toni Ferrer, manifestou que a reforma laboral de 2012 produciu “efectos devastadores no tecido laboral do noso país que vai custar reconstruír”.

Ferrer, que fixo estas declaracións na presentación do Informe de UGT “Catro anos de reforma laboral”, afirmou que “un eixo central do futuro Goberno debe ser impulsar a loita contra o desemprego, a loita polo emprego de calidade, que a igualdade sexa o centro das políticas públicas e un compromiso para erradicar a pobreza”.

Para iso, é preciso “derrogar as reformas laborais e abrir unha vía de diálogo social”, pois a vía autoritaria só leva ó fracaso e produce uns resultados claramente negativos para os traballadores e as empresas.

“É preciso un compromiso polo diálogo social, polo respecto á autonomía colectiva e que sexamos os interlocutores sociais os que abordemos a construción das relacións laborais e do sistema laboral do noso país”, afirmou.

O secretario de Acción Sindical sinalou que se repiten os mesmos erros que no pasado, aséntase a recuperación, que non a saída da crise, en base a un incremento da temporalidade, a precariedade laboral e utilízase a desvalorización salarial como elemento de competitividade.

Aínda 9 de cada 10 contratos no noso país son temporais e “está a utilizarse a contratación dunha maneira inapropiada, abusiva e fraudulenta”.

Doutra banda, Ferrer denunciou que a reforma está pensada para un modelo de emprego, un modelo produtivo, que “está a poñer en perigo o actual sistema de pensións”. A Autoridade Fiscal cifrou a perda de ingresos nuns 15.000 millóns como consecuencia da combinación da temporalidade no emprego e a desvalorización salarial.

Respecta ao Salario Mínimo Interprofesional, Ferrer lembrou que en catro anos tan só subiu 7,2 euros, o que explica porque os sindicatos piden dignificar este salario ata alcanzar os 800 euros no 2017. Doutra banda, segundo este informe, estímase que un 35% dos asalariados cobraba en 2014 menos do SMI, 3 puntos por encima que en 2011. Nesta situación atopábanse case 5,9 millóns de traballadores.

No proceso de diálogo social Ferrer avogou por recuperar os elementos que configuran a protección ao emprego (causas, procedementos, garantías); fortalecer a contratación indefinida e a causalidade da contratación temporal; restablecer o equilibrio nas relacións laborais respectando a autonomía dos interlocutores sociais; e revisar o sistema de protección por desemprego (pois só o 45% dos desempregados teñen protección por desemprego, segundo a EPA).

Para facer fronte á desigualdade e a pobreza, non basta, con todo, con derrogar a reforma laboral, senón que é preciso actuar noutras fronteas. É preciso propiciar un novo modelo produtivo que aposte por actividades de alto valor engadido e unha reforma fiscal máis equitativa, progresiva e xusta, entre outros.

Só actuando en varias fronteas será posible conseguir unha redistribución máis xusta da riqueza.

Pola súa banda, a economista Ana Viñas, do Gabinete técnico confederal, enumerou as principais conclusións do Informe. A reforma laboral:

\*Non conseguiu xerar emprego, nin freou o paro.

\*Empeorou a calidade do traballo. Precarizáronse as condicións laborais tanto dos contratos indefinidos como dos contratos temporais.

\*Provocou unha desvalorización salarial que transcendeu cara a unha diminución de renda familiar e un aumento do risco da pobreza.

\*Os problemas estruturais do mercado de traballo, non só non desapareceron, senón que se profundaron (precariedade, temporalidade, dualidade e rotación, brecha salarial entre homes e mulleres, situación dos mozos, dos maiores de 45 anos, etc.)

# UGT VALORA A LEI DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PERO CONSIDÉRAA AÍNDA INSUFICIENTE



**Redacción.-** No 20º Aniversario da entrada en vigor da Lei de Prevención de Riscos Laborais, UGT considera que, aínda que son moi valorables os cambios introducidos na xestión de riscos, aínda é insuficiente debido, en parte, polas actuacións das administracións e as empresas.

Coa crise e as políticas impostas polo Goberno do noso país, a prevención non se entende como un investimento, senón como un gasto, o que está a producir un incumprimento desta Lei, aumentando ano a ano tanto os accidentes de traballo como as enfermidades profesionais.

Para UGT, isto resulta intolerable, polo que demanda un maior esforzo de concienciación, actuación e sanción nesta materia, xa que nos centros de traballo onde máis se inviste en prevención hai menos sinistralidade laboral e mellores condicións de seguridade e saúde para os traballadores.

Para o Sindicato, esta Lei posibilitou pasar dun enfoque reactivo, de reparación do dano unha vez que se produce, a un enfoque preventivo, co obxectivo fundamental de conseguir un Estado de Benestar integral do traballador.

Con todo, para UGT, esta Lei aínda está incompleta. É verdade que nestes vinte anos, os accidentes de traballo reduciron os seus niveis ata o ano 2012, pero tamén é verdade que nestes últimos anos, coincidentes coa grave crise económica e as diferentes reformas laborais, produciuse un incremento importante dos accidentes de traballo, fundamentalmente desde 2013. 664 traballadores faleceron de xaneiro a novembro de 2015, fronte a 610 no mesmo período de 2014, 54 traballadores máis. En pleno século XXI, 2 traballadores falecen cada día polo feito de exercer o seu labor profesional. Algo de xeito evidente intolerable.

E o peor de todo. Para UGT, a maior parte dos casos son accidentes que se poderían evitar se se implantase unha pequena medida preventiva na empresa, xa que moitos dos falecementos foron por atrapamentos, golpes e choques con obxectos, electrocucións, etc.

En canto ás enfermidades profesionais, aínda que durante os primeiros anos de entrada en vigor da Lei avanzouse na súa declaración e no seu recoñecemento, estamos actualmente presenciando un retroceso ata os niveis do ano 1999. A día de hoxe segue existindo un subregistro e unha infra notificación, que vai en detrimento do traballador, da sociedade e da prevención.

O Sindicato considera necesario facer aflorar todas as enfermidades relacionadas co traballo que agora están ocultas, os trastornos musculoesqueléticos, as patoloxías derivadas dos riscos psicosociais ou os cancros de orixe profesional, que son aínda unha materia pendente na prevención de riscos laborais. O que non existe non se prevén.

E é que os riscos tradicionais seguen existindo e conviven xunto a outros relacionados coas novas formas de organizar o traballo. A precariedade, a temporalidade, a subcontratación, o traballo a quendas e os ritmos de traballo están a producir un importante número de riscos psicosociais como a ansiedade, a tensión, a violencia no traballo, a carga mental que cada vez con maior frecuencia soportan os traballadores.

Ademais, xurdiron novos riscos derivados fundamentalmente do crecemento das novas tecnoloxías da información, da introdución de novas sustancias químicas con efectos descoñecidos para a saúde, ou do uso de nanotecnoloxías.

A crise económica produciu un impacto negativo na situación da preven-

ción nas empresas, xa que provocou que estas sufrisen unha deterioración para poder afrontar problemas estruturais, sistemas de prevención, equipos ou instalacións e se volvese ao concepto histórico de visualizar a prevención como un custo para a empresa e non como un investimento.

A prevención é máis formal que real, o cumprimento da norma e o evitar a multa ou sanción en caso de incumprimento é o principal factor motivador para abordar a xestión dos riscos por parte das empresas.

UGT considera imprescindible destacar tamén que, tras a aprobación da Lei, a participación da clase traballadora en materia de saúde laboral beneficiouse, xa que se creou a figura do delegado de prevención antes inexistente. Actualmente, pódese destacar que na maior parte dos centros de traballo con máis de 50 traballadores existe o representante dos traballadores en materia preventiva. E pódese afirmar que nos centros de traballo nos que hai presenza sindical hai menor sinistralidade laboral e mellores condicións de seguridade e saúde.

## UGT desenvolve un estudo coa valoración dos delegados de prevención sobre esta Lei

Neste aniversario, a Unión Xeral de Traballadores quixo coñecer tamén de primeira man a opinión destes representantes dos traballadores en materia preventiva, os delegados de prevención, da evolución na xestión dos riscos e o futuro do sistema preventivo.

Por iso, desenvolveu, en colaboración co equipo DOBRE (Desenvolvemento Organizacional e Benestar Laboral) da Universidade Rey Juan Carlos, o estudo "20 anos de Lei de Prevención de

**Continúa na páxina seguinte...**

...ven da páxina anterior.

Riscos Laborais a Exame: Valoración dos Delegados de Prevención de Riscos Laborais de UGT”.

O estudo, financiado pola Fundación de Prevención de Riscos Laborais, recolle a valoración que os delegados de prevención de UGT fan das achegas que supuxo a aprobación da Lei, o percorrido que tivo ata os nosos días e as perspectivas futuras.

As conclusións da investigación extraírense da combinación de dous estudos. O primeiro deles, de carácter cualitativo, baséase na realización de grupos de discusión integrados por delegados de prevención procedentes de distintos sectores de actividade e con distintos ni-

veis de experiencia, co fin de explorar en profundidade as distintas visións e opinións sobre a Lei entre o colectivo de delegados de prevención.

O segundo estudo, de carácter cualitativo, realizouse mediante unha enquisa electrónica a delegados de prevención de UGT. Nesta fase participaron un total de 1077 delegados, que responderon a un cuestionario elaborado a partir das conclusións da fase cualitativa e da revisión do articulado da Lei.

Da análise dos resultados de ambos os estudos obtivéronse, entre outras cuestións, que a valoración xeral da Lei é positiva, aínda que o seu nivel de aplicación é parcial e insuficiente; que o seu desenvolvemento regulamentario é mellorable, en especial no

relativo á definición de requisitos mínimos de condicións de seguridade e saúde ou nas limitacións ou prohibicións sobre operacións; ou que existe unha ausencia total dunha auténtica cultura da prevención, porque non hai concienciación nin nas administracións nin nas empresas.

Ademais, obsérvase que a aplicación da Lei non é uniforme nin entre as distintas empresas, nin entre o sector público e privado nin entre os distintos niveis de calidade no emprego; que non hai nin promoción nin coordinación entre as administracións en materia de prevención; e que é necesaria unha maior estandarización da actuación da Inspección de Traballo e unha maior independencia das administracións fronte ás influencias das empresas.

## OS PARTIDOS POLÍTICOS QUE REPRESENTAN A MÁIS DE 15 MILLÓNS DE PERSOAS QUE VOTARON POLO CAMBIO DEBERÍAN CHEGAR A UN ACORDO

**Redacción.** - “Hai máis de quince millóns de persoas que votaron polo cambio e os partidos políticos que representan a estes cidadáns deberían chegar a un acordo no que non importa tanto quen senón o para que2.

O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez realizou estas declaracións tras a reunión mantida o mércores co secretario xeral do PSOE, Pedro Sánchez para coñecer a súa proposta de programa de Goberno.

Méndez destacou que estamos nunha situación que ten dificultades pero “hai unha coincidencia xeral de que non sería un escenario conveniente a celebración de novas eleccións porque nun contexto de deterioración da situación económica a nivel mundial podería provocar un atraso”.

Tras a reunión, na que o líder socialista entregoulles un documento coas principais propostas do PSOE, Méndez manifestou que o documento é unha boa base de partida para promover o cambio social e económico.

Cándido Méndez sinalou que as propos-

tas do PSOE conteñen elementos moi necesarios como todo o relacionado coa derogación da reforma laboral e a definición dunha estratexia de reposición de dereitos para evitar seguir na escalada de aumento da precariedade laboral, a desigualdade, a desvalorización salarial, etc,

Méndez resaltou, ademais, que “o corazón do programa de goberno apunta cara á loita contra as desigualdades e, por tanto, a igualdade entre as persoas constitúe un eixo fundamental”, así como, “o compromiso para elaborar unha lei de igualdade salarial entre homes e mulleres ou un compromiso pola renovación democrática”.

Cándido Méndez subliñou tamén o feito de que o documento expoñía a procura dun acordo coa Comisión Europea para acomodar ao crecemento económico a redución do déficit público, alcanzando o 1% para 2019, pero destacou que sería conveniente tratar de flexibilizar aínda máis esa redución do déficit.



Méndez afirmou que comparte propostas como unha nova reforma fiscal ou o aumento progresivo do SMI, aínda que considera que, neste sentido, o compromiso debe ser máis nítido e o ritmo que expón o PSOE queda curto.

### Reunión tamén con Podemos

O martes tamén tivo lugar unha xuntanza con Podemos, a petición desta formación política, para falar sobre cuestións relacionadas co emprego e as políticas laborais e sociais. Se lle transmitiu a mesma mensaxe que na mantida con Sánchez e fíxose fincapé en que neste país aflorou un novo Parlamento e que hai que sobrepoñer a estabilidade social á política.

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de **UGT**  
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>